

Os Premios Eganet e as TIC Dinamizar e humanizar

BEATRIZ LEGERÉN
Presidenta de Eganet

■ Para un sector no que o novo se converte en vello dun día para outro, unha década é toda unha vida. Unha década de historia é o que cumpre o vindeiro ano Eganet (Asociación de Empresas Galegas Adicadas a Internet e ás Novas Tecnoloxías). Dez anos representando «o corazón das TIC» (tecnoloxías da comunicación e a información), as empresas que producen e dotan de contidos esa inxente e difusa infraestrutura tecnolóxica que constitúen Internet e o resto de novos medios. E se dez anos nos fan veteranos na representación e unión destas, tamén levamos andado un longo camiño animando o sector e dándoo a coñecer.

Van alá seis anos dende que convocamos por vez primeira os Premios Eganet. A voltas andamos agora con esta sexta edición que se consolida como referencia no sector, como plataforma de lanzamento para as empresas e un xeito máis de achegamento das TIC á sociedade. Cabe preguntarse se, dende aquela primeira edición, en 2003, cambiou algo. E a resposta é que si, mudaron e multiplicáronse as tecnoloxías, os soportes, as linguaxes; cambiou Internet; naceron as redes sociais; mudou a maneira de traballar e, non sen tempo, as Administracións descubriron que o futuro pasa pola rede. En xeral, o sector evoluiu e medrou sen cesar, como o seguirá facendo xa que, do incerto futuro, case o único que temos claro é que non pasa polos coches voadores, senón polo avance imparable das TIC.

Mais no mundo cambiante das TIC ou, neste caso, no das TIC galegas, algo permanece invariable, a ilusión e as ganas coas que nos embarcamos de novo na convocatoria dos Premios Eganet. Desexamos coñecer e divulgar o que se coceu o último ano neste campo; descubrir os novos camiños que andaron as empresas, pois sabemos que non hai barreiras para as novas tecnoloxías; e por suposto queremos reunir aos profesionais que conformamos un sector moi en voga e moi emerxente pero, ao mesmo tempo, descoñecido e distante.

Traballo e creatividade

Os Premios Eganet naceron coa vocación de estimular o traballo de creación de empresarios e profesionais e de achegar a sociedade da información aos cidadáns. Son finalidades comúns superar a fenda dixital e acadar a converxencia cos países do noso contorno, ante o cal resulta imprescindible a alfabetización dos cidadáns no emprego das novas tecnoloxías. Como protagonistas do sector TIC, compartimos plenamente esa meta e esas necesidades, mais consideramos, dende a outra cara da internet, que o traballo de difusión das TIC non remata aí.

En Eganet avogamos por facer visible, e accesible, todo un colectivo económico capaz de dar solucións a problemas cotiáns e de mellorar, en moi pouco tempo, a nosa calidade de vida. O sector non debe permanecer hermético ou alleo á sociedade, máis ben ao contrario, debe achegarse ás persoas e, aínda máis, debe facer o posible por conseguilo. Nos últimos tempos, por exemplo, sinálase con insistencia a necesidade de visibilizar o traballo da comunidade científica, de dar a coñecer o “lado humano” da ciencia como necesidade indispensable para garantir o futuro da propia actividade científica e asegurar a competitividade económica xeral.

Sociedade do coñecemento

Da mesma maneira, o sector tecnolóxico debe involucrarse no achegamento do seu traballo á cultura cidadá, porque iso contribuirá a avanzar cara á sociedade do coñecemento, espertará o interese polas TIC e avanzará en rendemento, en cultura tecnolóxica e competitividade.

A iniciativa dos Premios Eganet xorde dese dobre labor de difusión social das empresas TIC e de recoñecemento ao seu traballo, e logo de seis anos o seu espírito continúa intacto. Se cabe, unha convocatoria coma esta faise aínda máis necesaria hoxe porque o sector é toda unha maquinaria que medra e se expande, pero sen rostro coñecido -ou cos únicos rostros de persoas de lonxe e só coñecidas mediaticamente-. Por iso consideramos fundamental o papel desta convocatoria, como o doutras iniciativas que dende Eganet e, dende o sector en xeral, sacamos adiante, porque lle poñen cara ao sector e porque finalmente conseguen en certa maneira humanizar unha actividade económica na que exercen centos de persoas de procedencias, ao contrario do que adoita parecer, moi diversas tanto en experiencias profesionais coma en formación académica.

Os Premios Eganet introducen, por último, a perspectiva galega do sector. Os proxectos presentados nesta edición, coma nas pasadas, son desenvolvidos por empresas con sede social en Galicia ou teñen relación clara coa cultura, lingua ou sociedade galegas. Por isto os premios tamén contribúen a dinamizar Galicia na rede, a xerar valor engadido da nosa lingua e cultura, do cal ninguén máis acaído para ocuparse que os galegos e galegas e as propias empresas da comunidade. De seguro que o vindeiro 16 de decembro, cando coñezamos os gañadores da sexta edición dos Premios Eganet, cobrarán visibilidade novos contidos, produtos e empresas, reflexo do que o noso país ten que dicir en novas tecnoloxías. Moita sorte a todas e todos os participantes.

De perfil

TONY BLAIR | EX PRIMER MINISTRO DE GRAN BRETAÑA Y EX CANDIDATO A PRESIDIR LA UE


La economía del ex «premier»

Félix Soria

■ Esta semana la Unión Europea (UE) estrena el Tratado de Lisboa y presidente del Consejo, cargo para el que ha sido seleccionado el hasta ahora primer ministro belga Herman van Rompuy. Pero al margen de esa noticia —que ya ha sido ampliamente tratada—, en Gran Bretaña también es noticia el ex *premier* Tony Blair, que durante los últimos tres meses sonó insistentemente como candidato a ser el primer presidente del Consejo de la UE. Finalmente, por motivos que las instituciones comunitarias no han precisado —en realidad, este tipo de decisiones rara vez son explicadas—, Blair quedó descartado. ¿Por qué?

Hay explicaciones para todos los gustos. Sin embargo, en el Reino Unido numerosos analistas estiman que el aspecto que más ha influido es «económico»: los negocios del ex líder laborista.

Tal como han revelado varios medios británicos —el que ha ofrecido más datos es el rotativo *Financial Times*—, Blair está personalmente vin-



culado a cuatro fundaciones, ocho empresas financieras (*ventures*) y a la consultora Tony Blair Associates; resultando que si el ex *premier* hubiera sido nombrado presidente de la Unión, el espinoso asunto que ahora protagoniza entre bastidores se habría convertido en un escándalo político de primer orden nada favorable para la UE.

¿Qué ocurre? Pues que el valor político de Blair está «herido» porque alterna su responsabilidad como representante del cuarteto para la paz en Oriente Medio (Naciones Unidas, EE. UU.,

UE y Rusia) con las tareas de asesoramiento que su consultora presta a varios gobiernos árabes de la región.

Esa mezcla de intereses privados y misión institucional suscita críticas más o menos aceradas pero «elegantes» —de momento—, creciente malestar en Naciones Unidas y desconfianza en numerosas cancillerías. Pero el conflicto va a más, por lo que estrenar el cargo de presidencia de la UE con él al frente era una apuesta de alto riesgo.

La misión diplomática que el cuarteto pro paz encargó a Blair no ha avanzado ni un milímetro. Los motivos son varios, sin duda, pero entre ellos figuran los negocios de Blair, que son escrupulosamente legales pero políticamente explosivos.

¿A quién extraña, pues, que Bruselas evitara que la economía del ex *premier* ensuciara —poco o mucho— la primera presidencia de la Unión? Siendo la UE un entramado cuyos pilares son básicamente económicos, la tarjeta de presentación de Tony Blair Associates era una ruina.

Humor por Nachortas



Libros

La responsabilidad es un plus

«Responsabilidad social. Una reflexión global sobre la RSE», coordinadores: Juan José Almagro, José Antonio Garmendia e Isabel de la Torre; con prólogo de Ramón Jauregui. Edita FT-Prentice Hall; 234 páginas; 23 euros.

■ En la actualidad, tanto en el mundo de la economía como en la mayoría de asuntos, se vive un período de cambios profundos donde la fuerza emergente de la opinión pública y de las instituciones es cada vez más relevante. Esa situación ha provocado que la responsabilidad social de las empresas y de las

organizaciones adquiera un papel sin precedentes en la historia, pues cada con más fuerza cada institución y entidad (tanto las públicas como las privadas) debe ser capaz de diseñar su propio modelo de responsabilidad (en el caso de las empresas ese criterio es conocido con las siglas RSE) y hacerlo de forma planificada, fijando los criterios con los que la empresa también contribuirá al afianzamiento de su marca y, en definitiva, reforzará su prestigio, lo que tendrá repercusiones positivas en su futuro. La relación entre la empresa y su entorno social y medioam-



biental debe nacer en el interior de la propia empresa, para lo que es preciso que tenga su cultura (lo que algunos han dado en llamar acervo) y de sus principios, que deben desarrollarse con el apoyo de la alta dirección, de abajo hacía arriba y transversalmente.